



Quintana. Revista de Estudos do
Departamento de Historia da Arte

ISSN: 1579-7414

revistaquintana@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
Espanha

Rodríguez González, Miguel Anxo

AS CIFRAS DA DESIGUALDADE: ARTE + MULLERES. CREADORAS GALEGAS

Quintana. Revista de Estudos do Departamento de Historia da Arte, núm. 14, 2015, pp.
291-294

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, Espanha

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=65349338020>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

re^oalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

AS CIFRAS DA DESIGUALDADE: ARTE + MULLERES. CREADORAS GALEGAS

Miguel Anxo Rodríguez González
Universidade de Santiago de Compostela



Fig. 1. Ana Gesto: La cuerva (serie Antifonías). Performance no Museo de Pontevedra, (6º Edificio), Pontevedra, 2015

En 1989 o colectivo de artistas e activistas Guerrilla Girls irrompeu no mundo da arte cunha acción de grande impacto: colocou un cartel diante do Metropolitan Museum de Nova York onde se amosaba unha figura feminina (reproducción da *Grande Odalisca* de Ingres) con cabeza de simio acompañada de frases alusivas á problemática incorporación da muller ao canon artístico occidental: *Deben as mulleres estar espidas para poder entrar no Met.? Menos dun 5% dos artistas nas seccións de Arte Moderna son mulleres, pero un 85% dos espidos son femininos*. Formulando así a pregunta, as do colectivo puñan en evidencia a realidade dunhas dinámicas de control institucional rexidas por uns valores eminentemente machistas, que relegaban á muller á categoría de musa ou modelo do artista varón. A obra é hoxe moi coñecida entre os afeccionados á arte actual, sendo ademais un emblema das loitas feministas pola visibilida-

de no eido cultural. As cifras do informe recentemente presentado polo Consello da Cultura Galega sobre presenza das mulleres na escena da arte contemporánea en Galicia amosan que o desequilibrio persiste, que os espazos expositivos seguen a dar preferencia aos artistas homes.

O informe *Arte + Mulleres. Creadoras galegas* é resultado dun traballo de investigación levado a cabo desde o Consello da Cultura Galega, e tivo como propósito fundamental documentar a presenza das creadoras no sistema das artes entre 1990 e 2013. Recóllense aquí datos de mulleres que participaron en exposicións levadas a cabo en Galicia, mulleres con obra en coleccións institucionais, e mulleres que recibiron premios ou se beneficiaron nestes anos de bolsas de axuda á creación. María Luisa Sobrino Manzanares (editora do libro e coordinadora por entón da Sección de Creación e Artes Visuais do Consello) alude xa na presentación a unha das marcas da desigualdade: o paradoxo que se dá entre a presenza maioritaria das alumnas nas aulas da facultade de Belas Artes e a escasa representación nos espazos expositivos. A pesar do evidente protagonismo no ámbito da formación, os espazos parecen seguir reticentes a acoller ás mulleres artistas. É que non demostran suficiente calidade no seu traballo artístico? Dase unha perda paulatina de calidade na súa obra, cando se van facendo maiores? Máis que unha cuestión de talento, –prosegue Sobrino– hai que pensar o ámbito profesional en chave de resistencia, como “unha carreira de fondo”, e outro tipo de factores, alleos ao especificamente profesional, contribuirían ao progresivo abandono de moitas artistas prometedoras¹.

Esta hipótese merecería un desenvolvemento maior, porque é un dos temas cruciais nos debates feministas en torno á desigualdade.

O propósito do informe, non obstante, non é o de reflexionar sobre a desigualdade e as súas causas, senón amosar que existe. Os datos son explícitos e, como na operación artístico-política das Guerrilla Girls, as cifras son reveladoras dunha situación. Amosar a situación de evidente desigualdade na representación nos espazos da arte contemporánea, corroboralo con cifras, fai deste un documento de grande valor, imprescindible para calquera análise do contexto das artes, da historia social dos artistas e das artistas na Galicia de principios do século XXI. E máis aló da mera reflexión, este documento tamén debera de servir para a acción, para o cambio paulatino nas dinámicas institucionais.

O corpus principal do informe componse de estatísticas elaboradas a partir da recompilación de datos. Tras unha introdución ao contexto histórico, no que se dá conta das importantes transformacións na infraestrutura institucional da arte en Galicia no período democrático, veñen tres seccións que abordan os ámbitos das exposicións, premios e bolsas de creación, e coleccións institucionais. En cada sección, tras unha breve introdución, as cifras coa relación de exposicións, premios, e as porcentaxes de presenza feminina, impoñense con rotundidade.

A análise dos datos constata algúns puntos a ter en conta: 1º que o desequilibrio é notorio, e expoñen moitas menos mulleres nos espazos da arte contemporánea, 2º que as mulleres están máis representadas nos espazos “menores”, e menos nos de maior relevancia e poder lexitimador, e 3º que se corroboran as cifras que para o Estado Español desvelou o informe de 2011 da asociación Mujeres en las Artes Visuales (MAV), que indicaban que entre 1999 e 2009 a representación de artistas mulleres en exposicións nos centros de arte do Estado era do 20%, fronte ao 80% dos homes². No caso galego, chama a atención o desequilibrio nas exposicións individuais no Auditorio de Galicia (artistas mulleres: 1, artistas homes 14) e na Fundación Luis Seoane (artistas mulleres: 0, artistas homes, 33). Sen embargo, algúns contextos foron propicios e fixeron un esforzo para que a representación de mulleres artistas fose importante. É o caso dos espazos vencellados á Facultade de Belas Artes (Sala X en Pontevedra e Alterarte en Ourense),

con porcentaxes de representación feminina de en torno ao 42%, e ultimamente outros vencellados á Deputación de Pontevedra e á Rede de Museos da Deputación de Lugo.

A representación de artistas mulleres en coleccións institucionais deixa tamén datos, cando menos “estraños”, e que desde logo pouco axudan á incorporación da muller ao ámbito profesional: se temos en conta a capacidade económica que tiveron as institucións públicas, e a iso sumamos a responsabilidade social, é de lamentar o escaso interese en atenuar esa brecha que sigue a dificultar o labor das artistas. En coleccións que veñen de décadas atrás, como a de Novacaixagalicia (12% de obra de mulleres), as cifras nos fan dun tradicional esquecemento, e dunha presenza que a mediados de século XX aínda era escasa no circuito expositivo; pero noutras máis recentes, e máis atentas á creación contemporánea, a ausencia ten difícil xustificación: na da Fundación M^a José Jove só hai un 13% de obra de artistas mulleres; na da Fundación Barrié de la Maza, un 13,8%. Como casar isto cos datos que nos fan de que o 70% do alumnado da titulación en Belas Artes (66% en 3º Ciclo) é feminino?



Fig. 2. Anxela Caramés e Carme Nogueira: *Contenedor de feminismos*. Acción no centro de A Coruña, setembro de 2009.

A parte destes desequilibrios flagrantes -que moitos intuíamos-, chama a atención unha das reflexións verquidas no informe: que as exposicións centradas no feminino descendieron nos últimos anos, con respecto á década dos noventa. As autoras presentan posibles hipóteses para explicar isto: pode ser que xa se consideraran innecesarias, que se entendera que a situación se estaba a regularizar; pode ser que os axen-

tes máis implicados dubidasen sobre a efectividade de organizar exposicións a partir do feito de “ser muller”, que este non fose motivo dabondo para artellar unha exposición con visos de incidencia social. Isto último lévanos a unha reflexión pertinente: que é preferible na loita pola visibilidade? facer exposicións de mulleres (exposicións femininas), ou exposicións desde o activismo e a loita (exposicións feministas)? Moitas activistas cuestionaron nos anos noventa que o feito de ser muller puidese ser argumento suficiente para levar a loita ao ámbito das artes de xeito eficaz.

E aínda máis: por que seguir a asumir esa división dual do xénero entre masculino e feminino? A idea de xénero é un constructo social, unha elaboración na que normas e prexuízos contribúen a configurar unha separación en dúas opcións, que tradicionalmente se asociaron co sexo de nacemento da persoa. O xénero é -en palabras de Judith Butler- “un mecanismo a través del cual se producen y naturalizan las nociones de lo masculino y lo femenino”³. Pero os debates teóricos relacionados co feminismo levan xa uns cantos anos cuestionando esa imposición de sentido social sobre os corpos. Así como a identidade de xénero marca unhas pautas de comportamento, unhas maneiras de intervención no propio corpo e uns roles nas prácticas sexuais, as opcións “outras” das persoas poden alterar e reconfigurar esta clasificación. A forza coa que irrompiron na escea artística occidental desde os anos setenta os artistas e colectivos de gays, lesbianas e a cultura *queer*, non se ve apenas representada nesta clasificación dual, nin nos bos propósitos das loitas feministas. Aquí creo que hai un elemento que o informe non abordou suficientemente: hai unha forza que leva uns anos entrando no panorama institucional da arte e tamén en Galicia se fixo presente. Algúns corpos e algunhas subxectividades encaixan mal nesta clasificación dual. E celebráronse nos últimos anos exposicións moi relevantes, polo que aportaron á reflexión en torno ao xénero, que a penas son mencionadas. Trátase de *Radicais libres. Experiencias gays e lésbicas na arte peninsular* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2005), *A batalla dos xéneros* (CGAC, Santiago de Compostela, 2007) e *En todas partes. Políticas da diversidade sexual*

na arte (CGAC 2009). A cuña que están a introducir estes movementos fará replantear a clasificación e os estudos en torno ao xénero que sen dúbida terán que continuar, no noso contexto.

Foron exposicións relevantes, ambiciosas, e nos catálogos quedaron recollidas tanto obras de arte como ensaios que son referentes xa na transformación das concepcións de xénero no contexto galego. E a transformación non é só estética, senón tamén política: cómpre unha sensibilidade determinada para dar entrada nas institucións a este tipo de manifestacións, onde a asunción libre de opcións diferentes relativas ao xénero e sexualidade se converten no eixo central das propostas. Será casual que exposicións como *A batalla dos xéneros* ou *En todas partes*, onde a liberdade de opción sexual se amosaba de xeito explícito, se tivesen celebrado no CGAC baixo a dirección da mesma persoa, Manuel Olveira? E que tralas eleccións de 2009 unha das primeiras medidas adoptadas en materia cultural polo novo goberno galego fose a súa destitución?

Os anos pasan, as loitas feministas continúan e a busca da normalización aínda está lonxe de chegar. Nin a abundante presenza de alumnas no ensino superior, nin a aprobación da Lei de Igualdade polo Goberno de España en 2007, conseguiron garantir unha presenza da muller semellante en cifras á dos homes nos postos de responsabilidade dos ámbitos académico, económico ou institucional. E no mundo das ciencias non están mellor: entre os 28 académicos que forman parte da Real Academia Galega de Ciencias só se atopan dúas mulleres (María José Alonso e Alicia Estévez Toranzo) que ingresaron, por certo, en 2014.

Por iso o informe elaborado polo Consello da Cultura Galego é tan valioso, tan necesario. Facer unha análise en profundidade da situación era unha obriga pendiente, e aquí está o resultado das investigacións. As institucións públicas e privadas deberán facer un exercicio de reflexión e contar con esta información á hora de elaborar as súas estratexias e programacións. En caso contrario estarán a faltar ao seu compromiso para coa cidadanía, non serán representativas da actual comunidade de creadoras e creadores, e a súa lexitimidade social se fará problemática.

NOTAS

¹ María Luisa Sobrino Manzanares: "Introducción", en Sobrino Manzanares (ed.): *Arte + mulleres. Creadoras galegas*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2015, p. 12.

² "Exposiciones individuales en 22 centros de arte en España (1999-2009)". Informe 5, MAV, xaneiro de 2011. Na web de Mujeres en las Artes Visuales (MAV): http://mav.org.es/documentos/INFORME%205_CENTROS%20DE%20ARTE.pdf [consultado o 13 de xullo de 2016].

³ Judith Butler, *Deshacer el género*, Paidós, Barcelona, 2006, p.70.